



IV MERCADO




DE ARTESANÍA



E
OBJETOS
ARTÍSTI-
COS





Convócase a todas as persoas interesadas en formar parte do cuarto mercado de artesanía e obxectos artísticos do Festival Reina Loba, promovido pola asociación cultural Espacio Matrioska.

PARTICIPACIÓN:

Convócase sobre todo a aquelas persoas que comercialicen produto artesanal realizado por elxs mesmxs e a quen traballe con produto local.

Requisitos:





- Fotocopia do DNI
- Ficha de inscrición adxunta correctamente cumprimentada
- Carta de exoneración de responsabilidade adxunta correctamente cumprimentada
- Dossier de imaxes da mercadoría á venda (en formato PDF)

Horarios:

- Xoves, 9 de agosto: de 12:00 a 03:00 h
- Venres, 10 de agosto: de 12:00 a 03:00 h
- Sábado, 11 de agosto: de 12:00 a 03:00 h

O horario de venda ao público será libre dentro das horas establecidas e só se poderá desmontar antes ou despois do período de horas establecidas.


O xoves 9 é o día de montaxe inicial e é obrigatorio facelo pola mañá, antes de que o recinto se encha de xente, para poder acceder con comodidade ca mercadoría.





*Prezo:

O festival Reina Loba cobra a cada participante do mercado 15€. Esta cantidade de diñeiro será dedicada ao mercado, a súa infraestrutura e iluminación.



ACONDICIONAMENTO DOS POSTOS

As paradas deberán estar dispostas de forma práctica e respectando a conciencia ecolóxica e ética do festival.

Cada participante traerá a súa propia infraestrutura.



Tentarase evitar o uso de plásticos ou materiais tóxicos. Xs responsables dos postos deberán xestionar os residuos propios da súa actividade.

Ademáis, os postos de alimentación deberán dispoñer obrigatoriamente dunha papeleira. Deberán coidar a presentación dos alimentos e a súa salubridade.

A asociación Espacio Matrioska e a organización do festival non se fai responsable das consecuencias derivadas do mal estado de alimentos ou da súa manipulación.

*Hixiene:

Xs participantes comprométense a ter o posto limpo e en condicións de ser visible en calquera momento, así como de deixar o espazo limpo ao terminar o mercado.





ILUMINACIÓN

A organización facilitará enganches de luz cada catro ou cinco postos polo que será necesario que cada posto dispoña dun alargador.

DISTRIBUCIÓN

A distribución das paradas farase segundo o criterio da organización atendendo ao tipo de mercadoría exposta e ao que ocupe cada un, atendendo ao espazo.

Non se poderá instalar ningún posto sen a autorización e supervisión da organización.

Cada participante terá unha identificación para poder achegar o máximo posible o seu coche ou furgoneta ao lugar do mercado.





A zona de mercado está disposta dentro do recinto de concertos e barra do festival.


RESPONSABILIDADES

Os responsables dos postos comprométense a cumprir as normas da organización.

A organización non se fará responsable dos postos nin do seu contido así como do seu coidado nocturno.

Os participantes comprométense a sinalar na folla de inscrición a natureza do seu produto (artesanal, artística, gastronómica...).





Atenderase especialmente que o produto sexa artesalan ou de produción propia e que cumpra uns requisitos estéticos, reservando a elección dos participantes á organización. Tamén se pretende que haxa un mínimo de postos con produto local na medida do posible.

A organización do festival resérvase o dereito de solicitar a retirada daquel produto que non corresponda co presentado no dossier aprobado ou por falta de coherencia cos principios do festival.



CONTACTO

Enviar propostas a: [**mercadoreinaloba@gmail.com**](mailto:mercadoreinaloba@gmail.com)

tlf: **696062736 (Laura)**

